

Teresa López. O neotrobadorismo

Iris Cochón

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

COCHÓN, IRIS (2012 [1998]). “Teresa López. *O neotrobadorismo*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 1997, 229-235. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1757>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

COCHÓN, IRIS (1998). “Teresa López. *O neotrobadorismo*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 1997, 229-235

* Edición dispoñíbel desde o 23 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

**Teresa López. *O neotrobadorismo*
Vigo: A Nosa Terra**

Iris Cochón

As reflexións e dúbidas que provoca calquera intento de esclarecer algún punto da nosa historia literaria nunca son accesorias, porque modifican a nosa comprensión do conxunto e, xa que logo, conducen a unha reorganización de todo o sistema. Nesta fin de século, superadas as presións dunha praxe de urxencia, deberíamos estar xa en condicións de revisar polo miúdo a nosa historia cultural. Á luz dos datos progresivamente contrastados e actualizados e dos estudos dispersos que fomos acumulando, concérnennos prioritariamente incorporar achados, matizar criterios e discutir xerarquizacións, contando en todo momento cun modelo de intelección flexible e operativo para repensar e, cando for necesario, corrixir, as interpretacións dominantes. A estas alturas non podemos seguir reproducindo esquemas propios de manual tradicional, de maneira que conviría non aceptarmos as configuracións históricas convencionais sen discusión, como se non fosen problemáticas.

Así, deberíamos reconsiderar os períodos literarios tendo en conta que non son divisións cronolóxicas obxectivas, senón o resultado da superposición de todas as correntes que os constitúen, unhas procedentes da etapa anterior e outras nadas nese momento, que nalgúns casos han seguir vixentes en tempos posteriores. Por tal razón parece sensato pospoñer o recurso ó período e optar, como principais instrumentos estruturadores e reorganizativos, polo movemento ou a corrente, entendéndoos como opcións encontradas nun punto do itinerario cultural cun predominio (e non, como habitualmente o encaramos, vixencia exclusiva) que acaba por definir a etapa concreta. Visto que, a diferenza do que ocorre no campo económico ou no social, o desenvolvemento cultural non é substitutivo

senón acumulativo, parece máis fructífero, para lograr esa revisión da historia literaria galega que veño solicitando, acudir a un modelo de interacción entre grupos ca a un baseado no dominio.

Na sempre beneficiosa inminencia da práctica hoxe volve lembrar este tipo de prioridades a aparición do estudio de Teresa López sobre o neotrobadorismo, unha achega na que priman a historia e mais a crítica literaria, disciplinas fundamentais para facilitarnos o acceso ó sistema literario e permitírnos desde este interpretar a marcha cultural, que non é sempre evolutiva, mal que nos pese. Monografías como a que nos ocupa, que evitan no estudio sincrónico o atomismo inmanentista propio da análise retórica restrinxida, resultan imprescindibles para caracterizar as opcións representadas por tales movementos e correntes e, a partir deles, articular o desenvolvemento cultural. Á fin sen relacións intertemporais dificilmente hai sentido: o neotrobadorismo, como calquera outra subdivisión do sistema, só pode considerarse significativo cando o referimos a unha estrutura temporal máis ampla da que é compoñente.

A análise da situación empírica concreta en que se manifestou favorece o coñecemento dos vínculos que a ligan con outras liñas daquela en competencia con ela, isto é, o que se vén coñecendo como imaxinismo e a solitaria proposta de Manuel Antonio. Xa que todas tres representaron alternativas poéticas para unha mudanza, sería así mesmo necesario contrastalas na súa convivencia coas fórmulas coevas continuadoras do século XIX, e a partir das conclusións extraídas, enfrontalas ó percurso dos outros xéneros de ficción e do incipiente ensaio, para acabar acomodando os resultados parciais ó sistema xeral. Deste modo, o estudio do neotrobadorismo en relación con toda a institución literaria, e non só, como adoito, no que toca ós textos contemplados esteticamente, serviría como fase preliminar sobre a que ancorar e, de ser preciso, rectificar, ideas e tópicos moi extendidos sobre o determinante primeiro tercio do século XX.

Tráese a colación a perspectiva periodolóxica que aquí se defende non tanto por un prurito teórico como por ser a determinante no volume, como explicita a autora desde a propia “Introducción”: “O surximento deste movemento poético sería a etapa final do (re)coñecemento da lírica medieval no noso país, a consecuencia última da difusión e coñecemento dos cancioneros, e suporía unha nova vía de apropiación —a máis extrema— da poesía medieval galego-portuguesa”. Preséntasenos así o neotrobadorismo supeditado a un “percurso que tería o seu inicio nas noticias sobre a existencia dos cancioneros e que pasaría pola difusión dos seus textos poéticos, a súa asunción como parte do noso patrimonio cultural e a súa recepción como produtos estéticos, ata a súa conversión en material susceptible de (re)creación literaria”. O punto de partida da análise, xa que logo, descansa en premisas sobre o paulatino coñecemento dos Cancioneiros anteriormente desenvolvidas pola propia investigadora en *Névoas de antano*.

Temos que felicitarnos pola inserción do fenómeno neotrobadoresco dentro de tal proceso, que proporciona un enfoque estimulante e asemade dótao dunha nova dimensión dentro da nosa historia. A perspectiva conduce a un estudio da instrumentalización ideolóxica da literatura e destaca o carácter funcional que tanto a divulgación da lírica medieval como o propio movemento padeceron, co que se evita a inercia e o lugar común no tratamento da cuestión. Neste sentido destacan os resultados da esculca en torno ó proceso de canonización dos propios Cancioneiros. Se o corpus obxecto de estudio deriva dun poema ou dun molde

xenérico procedentes da lírica medieval cómpre, xa que a valoración sincrónica das composicións neotrobadorescas foi realizada en función dos elementos retomados, especificar qué imaxe desta se tiña na época: trátase dun número reducido de cantigas profanas, de forma paradigmática (dístico con refrán), pertencentes de forma maioritaria ó subxénero de amigo, que acabará por identificarse con todo o repertorio. Os motivos desta sobrevaloración reduccionista son examinados e documentados polo largo: a manipulación eleva eses modelos autóctonos ó rango de referentes simbólicos como emblema dos atributos diferenciais galegos, isto é, o lirismo e o saudosismo, que asemade potencian a vinculación coa comunidade portuguesa e son base prestixiosa como tradición antiquísima non mediatizada por elementos foráneos. Todo o dilatado capítulo II, correspondente ás coordenadas da proposta, xira arredor do interese pragmático do galeguismo pola literatura medieval e das centrais implicacións da teorización nacionalista no proceso de consolidación dese canon, incluídos os usos lexitimadores do mesmo para a fixación dun modelo lingüístico.

O desenvolvemento sincrónico do sistema informa todo o imprescindible capítulo III, “Neotrobadorismo e renovación poética: os valores dunha alternativa” encamiñado a identificar os condicionamentos que prepararon a xénese da proposta creativa e posteriormente ampararon tal opción. Nun contexto de polémicas sobre a orientación da nosa literatura, o galeguismo, na súa defensa dunha identidade propia, non podía reciclar constantemente fórmulas do pasado sen caer no risco de elaborar discursos museísticos, inviables para enfrontar a modernidade, pero tamén era comprensiblemente reacio, polo declarado afán de ruptura co anterior propio de todos eles, a apoiar un movemento de vangarda. De aí que nas súas primeiras manifestacións o neotrobadorismo fose acollido como vía intermedia entre ambas as dúas liñas, e propiciado como solución potencialmente satisfactoria para todas as opcións, nunha interpretación intereseira que integrase e superase a dialéctica novos/vellos. A intelección do papel de síntese conciliadora nas polémicas entre os partidarios da tradición (autóctona e enxebre pero esteticamente caduca) e os defensores da modernidade (procedente do emprestado e alleo pero anovadora) resulta un esclarecemento decisivo no que toca á nosa historia literaria, porque o período, máis que pola cerna que caracterizaría intrinsecamente as súas manifestacións, defínese a partir das solucións adoptadas ante as cuestións debatidas —e xeralmente contestadas— que o dominan, aquelas que obrigan a un posicionamento claro de artistas e críticos. O estudio, traballando sobre un enorme número de datos ilustrativos, confirma a sospeita de que a favorable consideración da opción foi en boa medida resultado dos afáns estratéxicos e unificadores dun certo galeguismo que, non o esquezamos, tiña na literatura o seu principal baluarte de intervención e lexitimación sociais.

Por outra banda, este fructífero interese pola mediación, as condicións de produción e as circunstancias que propiciaron unha precisa recepción do fenómeno, ten que ser resaltado porque vai condicionar toda a interpretación da nosa estudiosa: a análise da pragmática histórica repercute na elección dos textos estudados na última parte, xa que se evita coidadosamente realizar intento ningún de canonización persoal. Partindo dunha premisa impecable, a de que é máis apropiado falarmos de textos ca de autores neotrobadorescos (p. 23), Teresa López resolve limitarse a unha análise pormenorizada das obras máis frecuentemente adscritas á corrente. Comeza por examinar as sucesivas nóminas que foi elaborando a crítica, matizando cando convén e corrixindo os casos máis flagrantes: así discute a inclusión de Cabanillas,

con referentes directos da Biblia, o caso de Pondal, que toma como modelos a Macías e Camões, a incidental achega de Viqueira, a aportación de Lorca, claramente cancioneril, ou textos como os de Victoriano Taibo e Avilés de Taramancos, incluídos case exclusivamente polo refrán, que, obviamente, non pode ser definitorio.

Unha vez desbotados os elementos discordantes procede a un estudio demorado dos textos canonizados, agora xa xustificadamente representativos (isto é, as achegas de Cunqueiro, Bouza-Brey, Blanco Amor, Carvalho Calero ou Díaz Jácome) ós que amece, na busca dunha perspectiva global, outras obras ata o de agora descoñecidas ou relegadas, por veces mesmo obxecto de tratamento individualizado, tal Lopes Vieira ou o Marqués de Figueroa. O papel destoutros textos e actores, habitualmente preteridos cando non silenciados, xa se probara determinante no apartado da mediación e recepción, tanto como a incorporación ó inventario de publicacións que se manexan de títulos ata o de agora pouco ou mal consultados e deficientemente documentados.

A ordenación cronolóxica dos textos e autores máis significativos dese corpus presenta vantaxes engadidas para alcanzar un estudio diacrónico e panorámico que deite luz sobre a constitución, desenvolvemento e ampliación non só do neotrobadorismo, senón de todo o sistema. Neste punto é de lei salientar a prevención contra o ídolo das orixes, que a investigadora nunca confunde cunha explicación causal: con moi atinado criterio relativiza a importancia da cuestión ó diferenciar entre a prioridade cronolóxica estricta, suxeita a variación polo achado de novos textos e de repercusións nulas no desenvolvemento da opción (é o caso de Riba) e os desencadeantes da imitación, os iniciadores reais (isto é, as “Lelías ao teu ouvido” publicadas por Bouza-Brey en 1926, e, a partir delas, a incidencia de Cunqueiro, responsable da fortuna creativa da opción).

Cómpre, pois, concluír que o enfoque historiográfico, unido a unha documentación abraiante na súa exhaustividade e eficaz na súa dosificación, propicia conclusións novidosas e moi operativas. Agora ben, a perspectiva periodolóxica, que rexeita de seu todo esencialismo, vai impedir que se deteña nun definición inmanente do neotrobadorismo, desvelando os trazos identificadores que lle serían pertinentes. Por moito que se insinúe unha tipoloxía panorámica a partir do tipo de relación establecida co corpus medieval (p. 32), na dilatada análise dos autores representativos non se desenvolven criterios explícitos de clasificación. A prudencia e a coherencia co enfoque de partida fánannos tal caracterización, da que só nos é dado acceder a mostras illadas que proban unha fundamentación rexa e moi operativa. Deste xeito, para a determinación do corpus rexeita a suficiencia do refrán, que o trobadorismo non emprega en exclusiva, ou desbota o recurso á cita, unha interferencia puntual que non afecta en por si á estrutura da composición, e só toma como criterio as dependencias máis estreitas co hipotexto cancioneril, sexan xenéricas ou de contido. Agradeceríase que se explicitasen de forma sistemática principios que se intúen tan altamente funcionais como os comentados, xustamente porque non é tanto o que se predica como o suxeito do discurso, o propio neotrobadorismo, o que precisa clarificación.

A estudiosa, en tanto que historiadora, non se permite violentar o carácter do seu obxecto de estudio ata o punto de pasar por alto a obra singular ou o texto disidente, pero tampouco cae no reduccionismo de evitar o poema menor ou a composición formularia, de aí que o ensaio non omita involucións nin discursos obsoletos. Con todo, prima unha perspectiva teleolóxica e determinista, evidente na escolla do significativo título, *O Neotrobadorismo*: Dado o contido do ensaio e o

espacio dedicado ás distintas obras, dedúcese que as primeiras manifestacións da opción son as merecentes de investigación individualizada, as realmente neotrobadoristas, por considerarse mostras de plenitude, co que se relega a atención ó percurso da posguerra, que, aínda que máis fructífero cuantitativamente, é alcumado de formulario e epigonal. En consecuencia, malia todos os intentos de evitar unha canonización, valóranse cualitativamente só os produtos estéticos que representaban unha alternativa literaria, aqueles que fuxían do arqueoloxismo endogámico e do inmovilismo que supuña a pervivencia de fórmulas superadas, supoñendo en todo momento que só se dan na etapa anterior á guerra.

De acordo con esa intelección, dependente da inserción da opción no espallamento cancioneril, a análise da desaparición do movemento non se considera sistematicamente. Sen eludir o problema do establecemento dunha data límite, Teresa López perpetúa dalgunha maneira a tendencia a abordar o problema da disgregación non desde a cuantificación senón desde a esixencia estética. Así propón como punto final o da rexoubeira publicación en 1953 do *Cancioeiro de Monfero* de Álvarez Blázquez que “Poría de relevo as limitacións do neotrobadorismo como tendencia ó facer unha proposta límite das súas posibilidades: paradoxalmente a innovación da tendencia neotrobadorista viña ser a tentativa de reprodución exacta do modelo”(pp. 19-20). O límite, que comparto, é necesariamente convencional porque non se considera en termos de produción, aínda hoxe aberta, senón de esgotamento e caducidade.

A súa división da traxectoria da opción contempla dúas grandes etapas, o “neotrobadorismo histórico”, no período anterior ó 36, cerna do volume, e o enmarcado na posguerra ata 1953, este segundo de decadencia, puramente imitativo e mecánico. Por último contempla unha terceira fase, na “época cronoloxicamente máis próxima a nós” na que, reconecida a tradición lírica medieval como dominio de clasicidade, está aberta a posibilidade creativa de volver sobre os cancioneros, nunha “lectura individual dun autor, un xénero ou unha cantiga”.

Como ela mesma apunta, na fase de posguerra, que reiteradamente considera simple prolongación da primeira “cumpriría unha investigación demorada para termos unha idea real da produtividade do neotrobadorismo como fórmula poética” (p. 27). Máis ca unha indagación na procura dos textos non recompilados, considero indispensable ampliar en novas achegas a análise das liñas que se lle opoñen ou que o amplían dentro das novas coordenadas: a decisiva influencia de Cunqueiro condiciona o recurso expreso a certos elementos da cantiga, agora de amor, que recolle o Ferrín de *Con pólvora e magnolias* e desde alí retoman Chus Pato ou Xavier Cordal; ó tempo, nos 50, o propio Ferrín formaba parte do cenáculo Brais Pinto, programaticamente oposto ó neotrobadorismo como fórmula extemporánea, evasiva e ineficaz. Daquela, ¿que adscrición merecen as cantigas escarniñas doutro dos seus membros, Uxío Novoneyra, moito máis ligadas á poesía do medievo que as tantas veces citadas de Celso Emilio? ¿E o propio Cuña Novás, precedente da “Escola da Tebra”, que insire elementos trobadorescos en varios poemas do *Fabulario novo*? Dificilmente poden considerarse estes exemplos como formularios ou extemporáneos, moito menos mecanicistas: todos achegan vitalidade, abren novos roteiros e, desde logo, non procuran o elemento trobadoresco pola súa facilidade compositiva, por escapismo (p. 22) ou por gañaren certames.

Retomo a miña contrariedade pola decisión da nosa investigadora de non establecer unha tipoloxía inmanente: nos procesos de proxección literaria a nova composición tende a empregar marcas hipercodificadas, unidades elementais para

a recreación de paradigmas xenéricos que facilitan ó lector un recoñecemento rápido e doado. Danse, é claro, diferentes niveis de implicación de complexidade progresiva: non sería estraño que a gradación no recurso a estes permitise establecer criterios de clasificación aplicables a todos os textos relacionados cos cancioneros, alomenos no que toca á suposta anovación do noso repertorio, moi ligada á hibridación de elementos.

Efectivamente, a reflexión sobre a finalización do neotrobadorismo conduce a unha reformulación da súa definición. Xunto á periodización por ela proposta, creo necesario empregar un segundo criterio definitorio. A caracterización, desde as coordenadas empregadas pola investigadora, é problemática e dubidosa, como evidencia o feito de que alterne marbetes como proposta, movemento e opción. Sempre podemos considerar que se trata dunha escola, dependente dun maxisterio pasado e cunha clara conciencia de continuidade; o problema é que definiría un grupo cohesionado e autoconsciente, con dependencias persoais, mentres que no neotrobadorismo canxan máis textos concretos ca autores determinados, á fin dedicados simultaneamente a outras vías. Esa é a razón de que, na difusa terminoloxía da historia literaria, acuda Teresa López ó termo movemento, entendéndoo como un modelo con caracteres distintivos, aglutinado pola conciencia teórica e a dependencia dun sistema teórico-crítico e xa non xeracional (no noso caso trátase da determinante actividade de Rodrigues Lapa). Se *proposta* ou *opción* son etiquetas consecuentes coa achega institucional desenvolvida, que insisten na confrontación entre distintas liñas nun sistema determinado, a elección de *movemento* avulta os aspectos dinámicos e anovadores dun período, todas tres dentro dun estudio sincrónico. Gustaríame suxerir como paralela na diacronía a voz *corrente*, máis que polas connotacións vitalistas que envolve, por ser un termo marcadamente horizontal que contempla unha certa discontinuidade. Con el poderíamos agrupar pola súa filiación o conxunto completo das manifestacións literarias da recreación trobadoresca formando unha secuencia, sen por iso deixar de percibir as enormes diferencias observables nos textos e na súa función dentro de coordenadas temporais específicas, para despois introducirmos distincións funcionais en razón a criterios específicos (cronolóxicos, institucionais, cualitativos, comparados...).

A aproximación a partir da historia da literatura e o enfoque desde a crítica literaria alicerzan e xustifican, como vimos, a análise. Con todo, a exhaustividade e o rigor que guían todo o ensaio ábrenos ás outras disciplinas da literatura, e así recorre á teoría para a delimitación do concepto e a explicitación da metodoloxía ou fai incursións breves no comparatismo, representado nas relacións establecidas co neopopularismo da Xeración do 27, que negan a subsidiaridade tanto como a confrontación Cunqueiro/Bouza-Brey, ou no moi salientable detemento nas literaturas en lingua portuguesa, máis interesante no que toca á influencia do saudosismo no proceso de afirmación da nosa literatura ca nos textos concretos de João de Deus ou Lopes Vieira, á fin pertencentes a outros sistemas e, por tanto, cunha función diferenciada e específica no seu interior (pp. 18-19).

Xunto a esas vías interdisciplinares insinuadas e non totalmente desenvolvidas, cada capítulo, cada epígrafe e incluso cada comezo de parágrafo proporciona unha panorámica que ó tempo que diseña e matiza o correspondente estado da cuestión, funciona como suxestión para estudos ulteriores, sexan artigos ou investigacións de maior envergadura. O libro condensa tal cantidade de información (e non se trata unicamente dos datos, senón tamén da organización, intelección e explicación dos mesmos, proceso que tanto se bota en falta noutras achegas) que

debe considerarse un punto de partida imprescindible que xenerosamente propón e incluso deseña novas liñas de traballo. Hai que lamentar, nesta orde de cousas, a falta, para facilitar a consulta desta inxente información, dun índice temático e onomástico que inclúa os autores neotrobadorescos, os medievais, a disputa novos-vellos ou o saudosismo, así como a omisión do número de páxina nas referencias bibliográficas concretas. Son todas deficiencias imputables ó deseño editorial doadamente subsanables nunha segunda edición, que en ningún caso empecen unha valoración moi elevada de tan iluminadora achega.

O ensaio é totalmente coherente e dun rigor meritorio; as contradicións son aparentes, e débense a que excede as súas expectativas e obxectivos marcados, toca puntos que atinxen máis que indirectamente ós seus propósitos iniciais. Se pretendía analizar o neotrobadorismo como “proposta que recolle e actualiza, no plano da creación literaria, a tradición galego-portuguesa” todas as achegas inter- e intrasistémicas deben agradecerse como axuda en lugar de considerarse eivas.